

**Memoria documental de Galicia:
As mulleres a información
e os centros da memoria**

O arquivo persoal de Ángeles Alvariño: un océano para explorar

Susana Guitar Novo

O arquivo persoal de Ángeles Alvariño: un océano para explorar¹

Susana Guitar Novo

Consello da Cultura Galega

susana.guitar@consellodacultura.gal

Resumo

O obxecto desta comunicación é contribuír á visibilización e posta en valor do arquivo persoal de Ángeles Alvariño (1916-2005), unha das personalidades científicas máis relevantes da oceanografía mundial, custodiado no Arquivo Municipal do Concello da Coruña. Trátase de aplicarlle unha ollada crítica ás lóxicas utilizadas no seu tratamento arquivístico destacando a importancia deste tipo de análise para o coñecemento e memoria das mulleres, nun intento de contribuír á súa mellora.

Palabras chave

Ángeles Alvariño, Arquivo Municipal da Coruña, Arquivos persoais, Ciencia, Epistolarios, Feminismo, Memoria, Mulleres, Oceanografía

Abstract

The purpose of this communication is to contribute to the visibility and enhancement of the personal archive of Ángeles Alvariño (1916-2005), one of the most important scientific personalities in world oceanography, kept in the Municipal Archive of A Coruña City Council, and also apply a critical look at the logics used in its archival treatment, emphasizing the importance of this type of analysis for women's knowledge and memory, in an attempt to contribute to its improvement.

Keywords

Angeles Alvariño, Municipal Archive of A Coruña, Personal archives, Science, Letters, Feminism, Memory, Women, Oceanography

1. Grazas a Cristina, do Arquivo Municipal da Coruña, pola súa atención e amabilidade. Grazas a Anxos e Mariám por animarme a navegar e sosterme na travesía.

1 Introdución

Esta comunicación xorde co ánimo de reflexionar sobre o valor de visibilizar as mulleres nos depósitos de memoria e a importancia dos arquivos persoais e do seu tratamento arquivístico dende unha perspectiva feminista. Ten ademais a intención de contribuír á visibilización e posta en valor do arquivo persoal de Ángeles Alvariño que o Concello da Coruña adquiriu no ano 2008 e ofrece dispoñible para a súa consulta no Arquivo Municipal.

Os arquivos persoais son unha parte esencial do patrimonio documental e supoñen unha importante fonte de información sobre persoas concretas no seu contexto histórico, económico, social e cultural e das súas redes de relacións. Son tamén ferramentas imprescindibles para a recuperación da memoria das mulleres en toda a súa amplitude e complexidade. Este tipo de fondos permiten achegarnos a aspectos persoais concretos de primeira man, dar conta das conexións persoais, sociais e de investigación con outras persoas e tamén coas organizacións mencionadas nos documentos (PORTELA, RAMÍREZ e CRISTÓBAL, 2008).

Tras saber da existencia do fondo Ángeles Alvariño no Arquivo Municipal da Coruña (AMC) e realizar unha busca de información e de referencias bibliográficas sobre ela, localizouse o inventario do fondo Ángeles Alvariño González no Arquivo Dixital de Galicia, Galiciana. Despois, a consulta presencial no AMC foi imprescindible para acceder á documentación, así como a información sobre o fondo facilitada polo persoal do arquivo.

Non podemos obviar as dificultades que existen para atopar este tipo de fondos xa que os datos que se ofrecen nos sitios web das administracións locais ás veces son escasos ou están obsoletos. Así mesmo, cabe destacar a importancia que ten para a visibilización dos fondos o traballo de referencia ás fontes documentais que realizan as persoas investigadoras nos arquivos.

Pero o máis importante é que estas xornadas nos convidan a falar sobre como podemos construír un novo marco que encadre os centros da memoria como institucións que conserven unha representación dos e das diferentes suxeitos sociais máis xusta e equitativa.

2 Os fondos documentais do Arquivo Municipal da Coruña

Segundo o cadro de clasificación dos fondos documentais do AMC, actualizado en decembro de 2021 e dispoñible en papel para a consulta na sala, os fondos privados de persoas destacadas pola súa actividade profesional custodiados no arquivo ascenden a vinte. Destes, dezaioito corresponden a homes e dous deles son de mulleres. Isto quere dicir que só un 10% dos fondos persoais se refiren a elas.

Esta non é unha situación excepcional. Entra dentro das porcentaxes que manexan outros arquivos e indícanos que estamos ante un exemplo máis da concepción tradicional androcéntrica e patriarcal do mundo da que os centros da memoria, como non podía ser doutro xeito, tamén participamos (PERPINYÀ MORERA, 2016, 2020). Neste sentido, foi relevante a adquisición do fondo privado de Ángeles Alvariño para o Arquivo Municipal da Coruña porque, ademais da súa importancia indiscutible como legado científico, móstranos que se avanzou algún paso no camiño cara á equidade ao custodiar, nesta ocasión por primeira vez, o arquivo persoal dunha muller.

3 Ángeles Alvariño González

Non nos imos deter na biografía da investigadora xa que hoxe en día son numerosas as que se poden consultar na Rede. A meirande parte apenas permiten revelar os aspectos máis persoais desta oceanógrafa nada en Serantes, Ferrol, en 1916 pero, pola contra, son abundantes as referencias á súa produción científica así como aos seus logros profesionais. Estes convértena nunha precursora na investigación oceanográfica mundial experta en zooplancto, cun importante legado científico recoñecido internacionalmente.

Ángeles Alvariño iniciou a súa carreira científica no Instituto Español de Oceanografía en 1948 e desenvolveuna en prestixiosos centros de investigación no Reino Unido e nos Estados Unidos, fundamentalmente na *Scripps Institution of Oceanography* (1958-1969) e no *Southwest Fisheries Research Center* (1970-1987) en *La Jolla* (California).

Descubriu 22 especies de plancto e publicou un cento de artigos científicos en revistas de distribución internacional. Neste sentido, convén indicar o forte impacto na bibliografía científica mundial das súas publicacións, cunha media de 8,8 citas anuais no período 1964-2008 (PÉREZ-RUBÍN e WULFF, 2011).

Ao longo da súa vida recibiu diferentes distincións e homenaxes dentro e fóra de Galicia. No ámbito internacional, e xa na década de 1970, o seu apelido foi inmortalizado ao empregalo para nomear especies de plancto que se acababan de descubrir: o quetognato *Aidanosagitta alvarinoae* (PATHANSALi, 1974)² e a hidromedusa *Lizzia alvarinoae* (SEGURA, 1980)³. A oceanógrafa foi ademais recoñecida no *Who's Who of American Women* (1977-1978) do American Biographical Institute e tamén é a única científica española incluída na *Encyclopedia of World Scientists* (OAKES, 2007).

No ámbito galego, recibe a Medalla de Prata da Xunta de Galicia en 1993. Xa no século XXI aumentan os recoñecementos institucionais e os esforzos por poñer en valor o seu legado. Algúns deles son a Semana da Ciencia que lle dedicou a Universidade da Coruña en 2005, o buque oceanográfico⁴ ao que o Instituto Español de Oceanografía lle puxo o seu nome, botado o 24 de febreiro de 2012, e a Real Academia Galega de Ciencias adicoulle o Día da Ciencia en Galicia do ano 2015 “en recoñecemento ao seu talento, vocación científica, de dedicación ao traballo e da loita pola igualdade da muller no ámbito científico técnico”. Convén destacar aquí que esta homenaxe, ademais dos logros profesionais, ocupouse de subliñar a traxectoria feminista de Ángeles Alvariño e a súa loita polos dereitos das mulleres, que a levou a denunciar diante do Goberno dos EEUU no ano 1977 a discriminación laboral que sufrían ela e as súas compañeiras polo simple feito de ser mulleres (FRAGA, 2018).

2. Referencia en: <https://www.marinespecies.org/aphia.php?p=taxdetails&id=266697>

3. Dedicada pola súa discípula mexicana María-Lourdes Segura (1943–2008). Referencia en: <https://www.marinespecies.org/aphia.php?p=taxdetails&id=284268>

4. Neste sentido, a técnica do AMC comentou a importancia dos símbolos e das iniciativas deste tipo para a visibilización, xa que nos últimos tempos notaron o aumento das consultas de persoas interesadas en Ángeles Alvariño tras ver o buque oceanográfico que leva o seu nome nos medios de comunicación.

4 O fondo persoal de Ángeles Alvariño

Tras o falecemento de Ángeles Alvariño o 29 de maio de 2005 en *La Jolla* (California) comezaron os contactos con Ángeles Leira Alvariño por iniciativa dos Museos Científicos Coruñeses para adquirir o arquivo persoal da súa nai. Parece ser que esta última desexaba que o seu legado científico se conservase en México, país no que estableceu moitas relacións de traballo, ou en España. Cumpriuse a súa vontade cun acordo asinado co Concello da Coruña (Resolución do 11 de novembro de 2008).

O fondo chegou ao AMC no ano 2009. Recolle documentación de carácter persoal, e a resultante das actividades profesionais da científica ao longo da súa vida. Componse de documentos en papel, fotografías, negativos fotográficos, diapositivas en vidro, vídeo e disquete, distribuídos en 295 unidades de instalación, e con datas extremas que abranguen de 1792 a 2006. Está accesible á cidadanía mediante a consulta na sala e, aínda que non está dixitalizado, pódese solicitar copia dixital dos documentos ao Concello da Coruña. A reprodución está suxeita ás taxas e prezos públicos que se fixan na *Ordenanza nº 43 reguladora do prezo público por prestación de servizos e utilización de instalacións culturais, educativas e análogas de titularidade municipal (02-11-2016)*.

Atendendo ao volume e características da documentación, cabe destacar o importante traballo realizado no AMC coa elaboración do cadro de clasificación e o inventario que permite saber dos documentos que conforman o fondo. Nos arquivos persoais estes instrumentos de descrición cobran moita importancia polo nivel de claridade que ofrecen sobre o fondo. Como sinala Olga Gallego para os arquivos familiares, “o instrumento fundamental para comprender estes arquivos é o cadro de clasificación que reflexa a organización documental e a estrutura xerarquizada ou non do mesmo. Ofrece unha visión panorámica, vertical, do conxunto das súas seccións e series e do entramado existente entre os documentos que o forman” (GALLEGO, 1993, p. 67).

Para facilitar a súa consulta e potenciar a súa difusión, este inventario está accesible en liña a través de Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia. Segundo se detalla na descrición arquivística do fondo⁵, nos traballos de organización e inventario respectouse a orde orixinal do arquivo, xa que se correspondía con series documentais. Estaba instalado en caixas, archivadores, cartafoles e ficheiros metálicos que se substituíron cando estaban en mal estado aínda que se conservaron algúns exemplares como mostra (a excepción dos ficheiros que, pola súa mala conservación e moito peso, se substituíron por outros de cartón).

O seu alcance e contido preséntase en Galiciana co seguinte texto :

Formado pola documentación xerada e recibida pola científica Ángeles Alvariño, abrangue todos os aspectos da súa vida tanto a de carácter familiar e laboral como a profesional. Entre os primeiros sinalar os referentes aos seus estudos, bolsas e os relacionados co seu traballo nas distintas institucións onde desenvolveu a súa carreira. Destaca o apartado profesional que reúne todo o relacionado co seu labor científico: as súas publicacións propias ou en colaboración con outros

5. Acceso ao Fondo Ángeles Alvariño González: <http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/es/consulta/registro.do?id=461400>

colegas; os seus proxectos, apuntamentos e borradores previos á publicación, que reflicten o seu método de traballo; os seus debuxos orixinais e os mapas de distribución de especies e correntes mariñas, elaborados por ela, que utilizará como ilustracións nos seus libros ou artigos e para as súas conferencias, relatorios en congresos e cursos, en forma de diapositivas; a correspondencia con científicos de todos os continentes.

Unha das series máis numerosas é a integrada polo material bibliográfico (libros, boletíns, revistas e separatas científicas) utilizados como referencia nas súas investigacións e cuxa importancia radica en ser raras, antigas, estar esgotadas ou ser difíciles de conseguir, así como por comprender todos os aspectos relacionados coa investigación oceanográfica. A isto hai que engadir a súa Biblioteca con mais de 1000 libros de viaxes, antropoloxía, arte, literatura... coleccións completas de publicacións científicas españolas e estranxeiras, moitos deles esgotados e de gran valor. [Consulta: 09/03/2022]

Como podemos comprobar no cadro de clasificación, a documentación está organizada en tres seccións: Persoal, Profesional e Biblioteca.

A sección Persoal (23 unidades de instalación e 1 compartida) está constituída por documentación relacionada cos aspectos máis persoais de Ángeles Alvariño, na súa actividade laboral e na súa vida familiar e social. Reflicte os seus estudos, os problemas que atopou na súa carreira, o recoñecemento aos seus méritos e outras facetas vinculadas coa súa saúde, as súas afeccións e intereses e a relación coa familia e coas súas amizades.

A sección Profesional (183 unidades de instalación, máis 6 compartidas) compila a documentación que resulta da súa actividade como investigadora. Non só é a sección con maior volume de documentación senón que, á vez, é a de maior interese científico por conter todo ou gran parte do traballo realizado por Ángeles Alvariño durante a súa dilatada carreira profesional. Destacan as series formadas polas súas publicacións, os seus debuxos, traballos de investigación e a de correspondencia con colegas e alumnado de todo o mundo. Ademais, inclúe o seu catálogo coas fichas bibliográficas (clasificadas por países, autorías e materias) que mantiña para localizar os materiais de apoio que utilizaba na elaboración das súas investigacións. Esta sección é a que presenta máis detalle na descrición arquivística.

A Biblioteca (82 caixas e 2 atados)⁶ está sen catalogar, pero no Arquivo Municipal dispoñen de tres inventarios en papel para a consulta na sala: *Biblioteca Ángeles Alvariño: Registro topográfico* (1531 títulos de monografías, publicacións periódicas, folletos e obras de referencia con datas extremas 1792-2006), *Biblioteca Ángeles Alvariño: Publicacións periódicas* (35 títulos con datas extremas 1912-2003) e *Biblioteca Ángeles Alvariño: Autores* (índice de autorías). Elaborados en 2014, presentan os datos de título, autoría, ano e caixa.

No inventario accesible en Galiciana a descrición do fondo descende xerarquicamente ata o nivel de unidade de localización, e inclúe en moitas ocasións unha relación dos expedientes

6. Segundo os datos proporcionados polo persoal do AMC. Acceso en Galiciana: <http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/es/consulta/registro.do?id=1166405>

e documentos que contén cada caixa. Noutros casos non se presenta unha descrición tan detallada. No seu lugar, anótase un resumo do contido ou do tipo de documentos que conteñen.

Para recuperar a información, ofrece a posibilidade de achegarnos á documentación a través dos campos de busca da descrición arquivística, combinar os resultados das buscas coa navegación facetada ou ben explorar as descrições seguindo a árbore do cadro de clasificación pero, como comentamos, as descrições ás veces son simples e as necesidades de información concretas non se poden resolver máis que coa consulta na sala dos orixinais.

O valor científico do fondo é inestimable, pero a correspondencia é un elemento clave para analizar o aspecto máis persoal e humano da investigadora. Nesta revisión deterémonos máis polo miúdo neste tipo de documentación.

Ao longo da súa vida Ángeles Alvariño mantivo relacións epistolares con persoas e institucións de todo o mundo, tanto de tipo persoal como pola súa actividade profesional, como participación en congresos, traballos de investigación, asesoramento ao alumnado etc. Mantiña a correspondencia ao día e dáballe moita importancia. A miúdo, ademais das cartas recibidas, conservou tamén as copias e/ou borradores das enviadas por ela e as notas de resposta. De non gardar copia da resposta, anotaba a data na que a enviaba, o que nos dá idea da súa meticulosidade.

No fondo hai dúas series completas desta tipoloxía documental: unha na sección Persoal, “*Correspondencia con familiares e amigos*”⁷ (1 unidade de instalación) clasificada por persoas, e outra na sección Profesional, “*Correspondencia con científicos*”⁸ (23 unidades de instalación), clasificada por países.

Na descrición de contido da primeira serie que figura no inventario en Galiciana, inclúese unha relación dalgunhas das persoas remitentes: Américo Castro e Carmen Castro de Zubiri, a súa sobriña María José Leira, Ricardo Alvariño Castro.

No caso da correspondencia da sección Profesional, a máis numerosa, só se mencionan algúns nomes na descrición do contido da Caixa 48 “*Correspondencia con colegas de México*”⁹ (Margarita Lizarraga, Monique Mitastein, Jorge Carranza, Raul Ondarza, Hector Chapa, M.^a Luisa Sevilla, Juan Luis Cifuentes, Thalía Castro) e da Caixa 54 “*Correspondencia con colegas de USA*”¹⁰ (Mary Sears, Isabel Canet, John Dawson, Paul N. Suud, Jack L. Littlepage, John Ryther, George H. Allen, Ward Reushaw, Twesukdi Piyakarnchana, George D. Grice, Georgina B. Deewey; Martin G. Every, George C. Grant).

O inventario non presenta unha relación exhaustiva que permita coñecer todos os seus contactos. Esta información tería grande interese para recuperar tanto a súa memoria como

7. Acceso en: <http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/es/consulta/registro.do?id=486866> [Caixa:195 R-1]

8. Acceso en: <http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/es/consulta/registro.do?id=486569> [Caixas: 74 R-1, 144, 145, 75, 146, 53, 143, 142, 77, 78, 76, 26, 49, 50, 52, 48, 54, 55, 56, 109, 45, 91, 92]. As sinaturas anotadas en Galiciana teñen unha numeración complementaria (separada con guión) que se engadiu na migración dos rexistros dende o programa de uso interno Albalá, e que aparentemente se corresponden coa secuencia de carga dos rexistros.

9. Acceso en: <http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/es/consulta/registro.do?id=486984>

10. Acceso en: <http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/es/consulta/registro.do?id=487053>

incluso a das persoas coas que mantivo correspondencia. Podería proporcionar, ademais, outros datos como o tipo de relación que mantiñan, sexo, profesión etc.

Á parte das series que vimos de comentar, atopamos, como é habitual, correspondencia disgregada por todo o fondo. A que foi xerada no desenvolvemento de proxectos e actividades determinados está conservada xunto á documentación á que fai relación, complementándoa (GALLEGO, 1993, p. 58). Este é o caso, por exemplo, da correspondencia vinculada á elaboración da publicación sobre a Expedición Malaspina na que recoñecemos nomes de personalidades galegas¹¹.

Nas consultas presenciais ao AMC conséntase, nunha parte do fondo de correspondencia, a presenza de máis persoas que as recollidas na descrición. É o caso, por exemplo, das cartas que Ángeles Alvariño intercambiou con Juanita Morris Kreps¹², Secretaria de Comercio dos EEUU, en marzo e abril de 1977 para denunciar o acoso laboral ao que estaba sometida. Sabemos da súa existencia grazas ás referencias atopadas na revisión bibliográfica (FRAGA, 2018) (DOMÍNGUEZ LÓPEZ, 2020), pero se buscamos a Juanita Morris en Galiciana non obtemos resultados. Comprobamos que as cartas e a documentación sobre este tema está instalada na Caixa 114 baixo o título “Cualificación laboral e condicións de traballo”¹³ e na descrición do contido está anotado o texto “discriminación por sexo e raza”, sen indicación das persoas mencionadas nos documentos.

Polo tanto, se ben para unha primeira aproximación ao fondo, as posibilidades e información que se ofrece a través de Galiciana son abundantes, queremos anotar algunhas cuestións desexables que sería necesario implementar para o seu estudo en profundidade e que facilitarían moito o traballo de investigación.

É importante comentar neste sentido que, como sabemos, as tarefas de organización e descrición de fondos documentais sempre están condicionadas polas limitacións inherentes aos arquivos municipais e agravadas pola escaseza de persoal e recursos económicos (LÓPEZ, PEREIRA e MARIÑO, 2019, p. 58).

En todo caso, esta revisión pretende afondar nalgunhas cuestións que probablemente non sexan asumibles para aplicar de maneira retrospectiva por falta de medios, pero poden achegar algunha idea na incorporación de novos fondos de similares características e, sobre todo, para o tratamento arquivístico con perspectiva feminista. Nesta liña de traballo, é importante destacar as achegas recollidas no documento *Objetivo 5: igualdad de género, archivos públicos y perspectiva de género y feminista: una propuesta desde Galicia*, no que se fai unha análise crítica dos procesos e as ferramentas arquivísticas, e se sinalan as posibilidades de mellora (MARIÑO, LÓPEZ e PEREIRA, 2020, p. 840).

11. Documentación instalada na Caixa 4. Acceso en Galiciana: <http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/consulta/registro.do?id=488276>

12. Con copia ao Presidente Jimmy Carter.

13. Acceso en: <http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/es/consulta/registro.do?id=489979>

Tal e como se apunta na descrición arquivística do fondo no AMC nun campo de notas, sería conveniente a revisión de series como a correspondencia e o material bibliográfico de referencia por conteren unha cantidade importante de copias que se poderían eliminar. Na cata que realizamos no fondo atopamos expedientes con documentación duplicada pola propia Ángeles Alvariño, probablemente coa intención de documentar e ofrecer o máximo de información posible das súas actividades.

A ausencia de descritores ou índices onomásticos, xeográficos e de materias limitan a recuperación de datos. O volume e características do fondo non xustifica o esforzo que suporía facer unha descrición arquivística a nivel de unidade documental, pero si sería interesante desenvolver algunhas das descrições existentes con información máis detallada do contido. Ademais poderíase mellorar a recuperación incluíndo descritores de materias e puntos de acceso cos nomes das persoas e institucións relacionadas coa documentación. Isto sería importante para coñecer a rede de contactos que sustentaban o seu traballo e as figuras destacadas, homes e mulleres, que apoiaban os seus logros intelectuais e científicos, as relacións internacionais que mantivo etc.

Centrándonos nas consecuencias do androcentrismo nos arquivos, cabe reparar en que estes non adoitan contar con ferramentas que permitan obter información sistemática sobre e de mulleres nos seus instrumentos de descrición, o que dificulta a localización de contidos sobre elas dentro dos fondos. No caso que nos ocupa, por exemplo, a única maneira de localizalas é mediante a revisión completa dos documentos orixinais en papel ou ben facendo a busca directamente polo seu nome propio, no caso de coñecelo. Sendo así, dependemos de que este nome estea anotado nalgún dos campos da descrición arquivística, como vimos nas series de correspondencia que xa comentamos. A través destas relacións tamén poderíamos recuperar a outras científicas relevantes, como a xa nomeada Mary Sears.

Continuando coa relevancia de identificar as redes de contactos, tamén sería importante indagar nos fondos das institucións nas que estudou e traballou Ángeles Alvariño, para tirar do fío das relacións funcionais e orgánicas con institucións establecidas durante toda a súa vida: *Residencia de Señoritas* de Madrid, *Instituto Español de Oceanografía*, *Scripps Institution of Oceanography* e *Southwest Fisheries Science Center* en *La Jolla*, California...

Finalmente, cómpre prestarlle atención á redacción dos textos nas descrições e na clasificación e advertir a importancia de escribir utilizando unha linguaxe non sexista. Aínda que non é o habitual (MARIÑO, LÓPEZ e PEREIRA, 2020, p. 845) nos últimos anos algúns arquivos están tomando conciencia desta necesidade e adoptan usos inclusivos na linguaxe que ás veces só supoñen pequenas modificacións, como pode ser cambiar a palabra “Individuos” por “Persoas” no cadro de clasificación, pero que a longo prazo poden ter a súa relevancia.

5 Máis alá da Ciencia

Sen restarlle importancia á científica, neste apartado queremos destacar as posibilidades de estudo e análise que o fondo Ángeles Alvariño nos abre para achegarnos á persoa, desde unha perspectiva memorialística que se ocupa de comprender as persoas atendendo ao seu mundo de relacións, ás súas experiencias, preocupacións e carácter. Grazas a que se mantivo a orde orixinal do seu arquivo, a través da súa organización e clasificación, así como do contido das súas cartas, podemos deducir características da súa personalidade, os seus valores, sentimentos, afeccións e tamén a súa sensibilidade e a súa conciencia e prácticas feministas.

A biografía de Ángeles Alvariño feita por Alberto González-Garcés (2016) recolle estas palabras dirixidas a un familiar nunha carta¹⁴: “He nacido en una noche de huracán. Volaban tejas, caían árboles y murallas. Así me embelesa el viento, el mar furioso y las olas bravas y arrogantes batiendo las costas graníticas. Y así es también mi carácter”. A potencia deste texto merece referencia, xa que cunhas poucas liñas podemos facernos unha idea da súa sensibilidade literaria, do seu autoconecemento e do seu espírito loitador.

Nunha lectura atenta e pausada dalgunhas das cartas de Alvariño no AMC atopamos información que nos desvela algúns trazos do seu carácter. Amosan unha traballadora infatigable, rigorosa e minuciosa, aspecto este último xa constatado na súa xestión da correspondencia á que fixemos referencia con anterioridade. Estas características tamén se perciben no inmenso volume de documentos que atesoura o arquivo, moitos deles con anotacións manuscritas.

Da súa valentía e tenacidade dá conta a documentación relativa ás batallas nas que se implicou de cheo. As caixas 111, 114 e 139 conteñen os documentos relativos á denuncia, xa indicada, contra a discriminación laboral da que foi obxecto. Está amplamente documentada, e inclúe materiais sobre saúde no traballo que recompilou durante anos para denunciar as deficiencias do seu despacho.

Ademais de investigadora, Ángeles foi educadora. A vocación de ensinante déixase ver en toda a correspondencia, tanto persoal como profesional. Coa súa sobriña María José Leira Ambrós [Caixa 195 (4)] móstrase colaboradora e achégalle ideas de investigacións nas que lle pode axudar, pero ao mesmo tempo esíxelle que non se publique nada sen a súa revisión previa. Vemos tamén esta faceta de profesora nas respostas que lles dá ás múltiples solicitudes de identificación de especies que recibe, e nas que lle remite ao alumnado ou a quen lle solicita o seu consello sobre traballos de investigación. Iso si, nas respostas sempre é franca e clara. Sinala os erros con rotundidade cando os traballos non están ao nivel que considera óptimo para a súa difusión. O seu modo de expresarse habitualmente é claro e directo, o que ás veces provoca un malestar que se percibe nas propias relacións epistolares. En varias ocasións manifesta que a súa intención sempre é ofrecer unha crítica construtiva, pero se quen a recibe non a entende como tal, non é o seu problema (Carta do 13/03/1991 a María José Leira: “si lo tomas de otra manera no lo comprendo, ya que es tu problema”).

¹⁴. Na biografía non se especifican datos de localización desta carta, e tampouco se localizou durante a revisión efectuada na correspondencia familiar custodiada no AMC.

Ao mesmo tempo, recoñécese a retranca no seu uso do humor. Na carta de 18/07/1995 enviada a María José Leira, escribe: “en tu carta mencionas que te envíe un “listado” de mis trabajos. Debo informarte que no me dedico a la pesca del atún, ya que el único LISTADO que conozco es el atún *Katsuwonus pelamys* (Linnaeus, 1758). Si te refieres a los trabajos de investigación científica original que han sido publicados, te envío una LISTA de los mismos”.

Nas cartas enviadas á súa amiga Carmen Castro [Caixa 195 (1)] atopamos aspectos máis íntimos de Ángeles. Con ela ten unha relación de confianza e comparte cuestións familiares e de saúde, preocupacións e sentimentos. Transmite a súa paixón pola investigación, á vez que se doe de non ter tempo para gozar da casa, o xardín, a praia e o sol máis ca en vacacións “durante el resto del año parece que todas esas cosas no existen para mi, al menos no siento que las vivo...” (carta de 09/05/1969). Tamén son testemuño da súa sensibilidade e curiosidade e achegan información sobre as súas afeccións como a arte, a música, a literatura, a decoración ou o seu gusto pola calceta e a xardinería.

Na carta de 28 de abril de 1969 desvélese como unha boa narradora, relatándolle á súa amiga a expedición á rexión tropical do Pacífico Sur na que participou. O texto é rico en descrições a modo de caderno de campo: “La salida en barco en esta región es un espectáculo único, al observar los millones de aves marinas volando y zambulléndose a nuestro alrededor. Pelícanos y piqueros, principalmente, además de petreles. Casualmente, esta expedición se llama PIQUERO. Ya en alta mar nos visitaron los Albatros y las preciosas aves tropicales (colilargos) con su precioso plumaje blanco inmaculado, pico y patas rojas”.

As súas relacións de ámbito científico foron abondosas e dan lugar a un fondo que atinxe unha dilatada cronoloxía. As cartas con profesionais tamén contribúen a coñecer datos sobre aspectos máis persoais. Isto ocorre, por exemplo, no caso da correspondencia mantida co biólogo arxentino Enrique Balech e a súa compañeira Electra¹⁵, localizada na Caixa 145. Nunha carta do 04/12/1963, Ángeles relata unha viaxe da filla e fala con orgullo do seu espírito independente e decidido, e manifesta que “la niña (...) me está batiendo en todos los campos”.

Para finalizar, recollemos un texto de Ángeles sobre Galicia, localizado noutra das cartas enviadas a Enrique e Electra o 2 de xullo de 1968: “Muchas gracias por el artículo sobre Galicia. Es cierto, es una región preciosa, y no por lo poco propagandeada deja de ser menos hermosa. No obstante, la belleza más impresionante son sus rías, que aparecen en ese artículo citadas con escasos detalles, sino también las maravillosas playas abiertas al Atlántico. He visitado muchos lugares y Geno muchos más, y jamás hemos visto nada que pueda compararse a tan extraordinaria belleza natural. Hay un gran inconveniente, llueve bastante, esa llovizna fina, persistente, que los castellanos llaman *calabobos*, pero como en Galicia no los hay se le llama orballo”.

Esta é só unha pequena achega á memoria documental de Ángeles Alvariño. Queda moito por explorar neste océano de documentos. Dende aquí, anímovos a navegar por el para descubrir a Ángeles Alvariño, a muller, a quen aínda lle queda moito por contar.

15. En ningunha das cartas revisadas se menciona o apelido de Electra, nin ela o utiliza na súa sinatura.

Bibliografía

ARQUIVO MUNICIPAL DA CORUÑA

Fondo Ángeles Alvariño González. Inventario dispoñible en *Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia*: Accesible en: <http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/es/consulta/registro.do?id=461400>. [Consulta: 15-02-2022]

DOMÍNGUEZ LÓPEZ, S. (2020)

«La sustentabilidad oceánica a través de la figura de Ángeles Alvariño». *RAUDEM. Revista de Estudios de das Mujeres*, n.8, p. 234-260. Accesible en: <https://doi.org/10.25115/raudem.v8i0.2905>. [Consulta: 15-02-2022]

FRAGA VÁZQUEZ, X. A. (2007)

«Ángeles Alvariño González». En: Álbum de Galicia [06-06-2007]. Consello da Cultura Galega. Accesible en: <http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=131>. DOI: 10.17075/adg.2007.22584 [Consulta: 17-02-2022]

FRAGA VÁZQUEZ, X. A. (2018)

«A denuncia da salientable científica Ángeles Alvariño (1916-2005) sobre discriminación profesional por razóns de xénero nos anos setenta do século XX en Estados Unidos de América», *Cornide. Revista do Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses*, n. 1, p. 245-269.

GALLEGO DOMÍNGUEZ, O. (1993)

Manual de arquivos familiares. Madrid: ANABAD.

GARCÍA BORRAZÁS, C. (2007)

«Ángeles Alvariño González». En: Álbum de Galicia [01-01-2007]. Consello da Cultura Galega. Accesible en: <http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=131>. DOI: 10.17075/adg.2007.22166 [Consulta: 17-02-2022]

GONZÁLEZ-GARCÉS SANTISO, A. (2016)

Ángeles Alvariño González, investigadora marina de relevancia mundial. Vigo: Instituto Español de Oceanografía. Accesible en: <http://www.ieo.es/es/web/vigo/angeles-alvarino> [Consulta: 17-02-2022]

LÓPEZ RODRÍGUEZ, O.; PEREIRA OLIVEIRA, D. e MARIÑO COSTALES, M. (2019)

Informe sobre os arquivos públicos en Galicia. Unha perspectiva de xénero e feminista. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Accesible en: <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4330> [Consulta: 15-02-2022]

MARIÑO COSTALES, M.; LÓPEZ RODRÍGUEZ, O. e PEREIRA OLIVEIRA, D. (2020)

«Objetivo 5: Igualdad de género. Archivos públicos y perspectiva de género y feminista: una propuesta desde Galicia». En: Guzmán Ordaz, Raquel, Nieto Librero, Ana Belén (coords.); Gorjón Barranco, María Concepción (dir.), *Políticas públicas en defensa de la inclusión, la diversidad y el género*, p. 833-848. Accesible en: <https://eusal.es/eusal/catalog/view/978-84-1311-242-8/4700/2094-1> [Consulta 05-03-2022]

OAKES, E. H. (2007)

Encyclopedia of World Scientists. Nova York: Factson File.

PÉREZ-RUBÍN FEIGL, J. e WULFF BARREIRO, E. (2011)

«Ángeles Alvariño (1916-2005): la pionera de la oceanografía española de mayor proyección internacional». En: Cobos Bueno, José M.; Pulgarín Guerrero, Antonio; Ausejo, Elena (ed.), *X Congreso de la Sociedad Española de Historia de las Ciencias y de las Técnicas. Encuentro Internacional Europeo-Americano*. Badajoz: Sociedad Española de Historia de las Ciencias y de las Técnicas; p. 255-268.

PERPINYÀ MORERA, R. (2016)

«La mujer, la gran ausente en los archivos». En: *Factor GDA* [16-04-2016]. Accesible en: <https://esaged.wordpress.com/2016/04/19/la-mujer-la-gran-ausente-en-los-archivos/> [Consulta: 15-02-2022]

PERPINYÀ MORERA, R. (2020)

«El llegat documental des de la perspectiva de gènere: igualtat, diversitat i inclusió» *BiD: textos universitaris de biblioteconomia i documentació*, n. 44 (xuño). Accesible en: <<https://bid.ub.edu/44/perpinya.htm>>. DOI: <https://dx.doi.org/10.1344/BiD2020.44.17> [Consulta: 09-03-2022].

PORTELA FILGUEIRAS, I.; RAMÍREZ MARTÍN, S.

M. e CRISTÓBAL QUEROL, G. D. (2020)

«Archivos personales: un reto para las bibliotecas nacionales hispanoamericanas». En: *Retos y tendencias de la investigación Hispano-Mexicana en Ciencias de la Información y de la Documentación*. Madrid: Facultad de Ciencias de la Documentación (UCM). Departamento de Biblioteconomía y Documentación, p. 278-297. Accesible en: <https://eprints.ucm.es/id/eprint/61739/1/Archivospersonales.pdf> [Consulta: 09-03-2022]

ROSELL LEÓN, Y. (2006)

«La descripción como parte del tratamiento de los archivos personales en el siglo XXI: en busca de nuevas alternativas». *Acimed*, n. 14 (5). Accesible en: http://scielo.sld.cu/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S1024-94352006000500018 [Consulta: 15-02-2022].